



**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA CATORCE DE  
DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE  
E TRES**

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 14 de decembro de 2023. Baixo a presidencia da **Excm. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR (PP)**

D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.<sup>a</sup> Rosalía López Sánchez  
D.<sup>a</sup> Judit Fontela Baró  
D.<sup>a</sup> Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.<sup>a</sup> Carmen María No Varela  
D. Roberto García Fernández  
D. Antonio Deus Álvarez  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. José Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas  
D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández  
D. Gonzalo Henrique Castro Prado  
D.<sup>a</sup> Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.<sup>a</sup> Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.<sup>a</sup> Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA CATORCE DE  
DICIEMBRE DE DOS MIL  
VEINTITRÉS**

---

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 14 de diciembre de 2023. Bajo la presidencia de la **Excm. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO  
POPULAR (PP)**

*D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.<sup>a</sup> Rosalía López Sánchez  
D.<sup>a</sup> Judit Fontela Baró  
D.<sup>a</sup> Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.<sup>a</sup> Carmen María No Varela  
D. Roberto García Fernández  
D. Antonio Deus Álvarez  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. José Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DE LOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PSdeG-PSOE)**

*D. José Manuel Lage Tuñas  
D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández  
D. Gonzalo Henrique Castro Prado  
D.<sup>a</sup> Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.<sup>a</sup> Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.<sup>a</sup> Montserrat Paz Romero*

**GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**



D. Francisco Xesús Jorquera Caselas  
D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### Intervencións

#### Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos ao Pleno ordinario correspondente ao mes de decembro.

Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña hoxe, os xornalistas acreditados e tamén ao público que nos segue dende a Tribuna de Convidados, cun saúdo especial aos alumnos e alumnas do segundo ciclo de xestión administrativa da Grande Obra de Atocha.

Bo día a todos e a todas e tamén aos mestres e benvidos ao Pleno do Concello, así como o resto de veciños que están hoxe na Tribuna e a todos aqueles que nos seguen a través do sinal do streaming.

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas  
D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz*

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

*A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos al Pleno ordinario correspondiente al mes de diciembre.*

*Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña hoy, a los periodistas acreditados y también al público que nos sigue desde la Tribuna de Invitados, con un saludo especial a los alumnos y alumnas del segundo ciclo de gestión administrativa de la Grande Obra de Atocha.*

*Buenos días a todos y a todas y también a los maestros y bienvenidos al Pleno del Ayuntamiento, así como al resto de vecinos que están hoy en la Tribuna y a todos aquellos que nos siguen a través de la señal de la retransmisión en directo.*



Comezamos este pleno coa Parte Resolutiva.

Asunto número un, señor secretario.

## **I – PARTE RESOLUTIVA**

### **ASUNTO 1**

#### **Comunicacións da Alcaldía**

##### **Señor Secretario**

Comunicacións da Alcaldía.

#### **143. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

##### **Presidencia**

Nas comunicacións de Alcaldía, como saben, no Pleno do pasado 14 de setembro de 2015 aprobouse unha moción por unanimidade da Corporación na que se acordaba iniciar cada pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno.

Segundo datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 55 mulleres no ano 2023 e a 1.237 dende o 1 de xaneiro de 2003. Así mesmo, o número de menores asasinados ascende a dous no ano 2003, 2023, e a cincuenta desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 431 menores orfos e orfas desde 2013.

Desde o Pleno do 9 de novembro ata o Pleno do 15, do 14 de decembro, confirmáronse cinco mulleres asasinadas que son as seguintes:

O 27 de novembro de 2023 Tatiana Beatriz, de apelidos non coñecidos, de 25

*Comenzamos este pleno con la Parte Resolutiva.*

*Asunto número uno, señor secretario.*

## ***I – PARTE RESOLUTIVA***

### ***ASUNTO 1***

#### ***Comunicaciones de la Alcaldía***

##### ***Señor Secretario***

*Comunicaciones de la Alcaldía.*

#### ***143. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.***

##### ***Presidencia***

*En las comunicaciones de Alcaldía, como saben, en el Pleno del pasado 14 de septiembre de 2015 se aprobó una moción por unanimidad de la Corporación en la que se acordaba iniciar cada pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asasinadas por el machismo desde el anterior pleno.*

*Según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa que el número de mujeres asasinadas por violencia de género en España asciende a 55 mujeres en el año 2023 y a 1.237 desde el 1 de enero de 2003. Asimismo, el número de menores asasinados asciende a dos en el año 2003, 2023, y a cincuenta desde el 1 de enero del año 2013, quedando 431 menores huérfanos y huérfanas desde 2013.*

*Desde el Pleno de 9 de noviembre hasta el Pleno del 15, del 14 de diciembre, se confirmaron cinco mujeres asasinadas que son las siguientes:*

*El 27 de noviembre de 2023 Tatiana Beatriz, de apellidos no conocidos, de 25*



anos, en Madrid.

O 27 de novembro de 2023 Abril, de apelidos non coñecidos, de 5 anos, en Madrid, a filla de Tatiana.

O 27 de novembro de 2023 una muller de identidade descoñecida, de 37 anos, en Madrid.

O 29 de novembro de 2023 unha muller de identidade descoñecida, de 34 anos, en Valencia. Tiña dúas fillas menores de idade.

E o 1 de decembro de 2023 Encarna, de apelidos non coñecidos, de 80 anos, na Coruña.

Solicito a todos os presentes que se poñan en pé para gardar cinco minutos de silencio.

**(Gárdanse cinco minutos de silencio).**

### **Presidencia**

Moitas grazas.

### **144. Aprobación de actas**

**Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 5 de outubro de 2023.**

### **Presidencia**

Dentro das comunicacións de Alcaldía tamén está a aprobación do borrador da Acta da sesión ordinaria de 5 de outubro de 2023 que ó non constar obxeccións queda aprobada.

Pasamos xa cos asuntos da Área de Economía e Planificación Urbana, Dirección da Área de Urbanismo, asuntos 2 e 3, señor secretario.

*años, en Madrid.*

*El 27 de noviembre de 2023 Abril, de apellidos no conocidos, de 5 años, en Madrid, la hija de Tatiana.*

*El 27 de noviembre de 2023 una mujer de identidad desconocida, de 37 años, en Madrid.*

*El 29 de noviembre de 2023 una mujer de identidad desconocida, de 34 años, en Valencia. Tenía dos hijas menores de edad.*

*Y el 1 de diciembre de 2023 Encarna, de apellidos no conocidos, de 80 años, en A Coruña.*

*Solicito a todos los presentes que se pongan en pie para guardar cinco minutos de silencio.*

*(Se guardan cinco minutos de silencio).*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

### **144. Aprobación de actas**

***Aprobación del borrador del acta del acta de la sesión ordinaria de 5 de octubre de 2023.***

### **Presidencia**

*Dentro de las comunicaciones de Alcaldía también está la aprobación del borrador del Acta de la sesión ordinaria de 5 de octubre de 2023 que al no constar objeciones queda aprobada.*

*Pasamos ya con los asuntos del Área de Economía y Planificación Urbana, Dirección del Área de Urbanismo, asuntos 2 y 3, señor secretario.*



**ÁREA DE ECONOMÍA E  
PLANIFICACIÓN URBANA**

**Coordinación xeral da Área de  
Economía e Planificación Urbana**

**Concellaría de Urbanismo,  
Rehabilitación e Vivenda**

**Dirección da Área de Urbanismo**

**Servicio de Planeamento e Xestión do  
Solo**

**ASUNTO 2**

**145. Expte. 631/2023/225**

**Aprobación do cambio de uso da  
parcela destinada a equipamento  
público localizada no número 24 da  
avenida do Ferrocarril.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 11 de decembro de 2023, cos votos a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e a abstención dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

**PRIMEIRO.-** Cambiar o uso dunha superficie de 440,81 m<sup>2</sup> de solo da parcela situada na Avenida do Ferrocarril, 24, con referencia catastral 7600911NH4979N, cualificados como viario local público, pasando a ter una cualificación urbanística de equipamento público.

**SEGUNDO.-** Mudar a cualificación

**ÁREA DE ECONOMÍA Y  
PLANIFICACIÓN URBANA**

**Coordinación general del Área de  
Economía y Planificación Urbana**

**Concejalía de Urbanismo, Rehabilitación  
y Vivienda**

**Dirección del Área de Urbanismo**

**Servicio de Planeamiento y Gestión del  
Suelo**

**ASUNTO 2**

**145. Expte 631/2023/225**

**Aprobación del cambio de uso de la  
parcela destinada a equipamiento público  
localizada en el número 24 de la avenida  
del Ferrocarril.**

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 11 de diciembre de 2023, con los votos a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y la abstención de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes nos propios términos de la propuesta formulada:

**PRIMERO. -** Cambiar el uso de una superficie de 440,81 m<sup>2</sup> de suelo de la parcela situada en la Avenida do Ferrocarril, 24, con referencia catastral 7600911NH4979N, cualificados como viario local público, pasando a tener una cualificación urbanística de equipamiento público.

**SEGUNDO.-** Cambiar la calificación



urbanística do equipamento de continxencia “SL-EQ-DM (Ob)”, prevista pola modificación puntual do PXOM/13, pasando a ter unha cualificación de equipamento administrativo “SL-AD (Ob)”.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Remitir o acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e aos Departamentos municipais interesados na súa tramitación, para os efectos do seu coñecemento.

### ASUNTO 3

#### **146. Expte. 631/2023/31**

**Aprobación definitiva do Estudo de Detalle da parcela número 2 do PERI da Maestranza.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 11 de decembro de 2023, cos votos a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e a abstención dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe municipal do 21.03.2023, con CSV 4B470Y1L1H3Z4X5D0PAS, no que se analizan os informes emitidos o documento e se dá contestación ás alegacións presentadas durante o período de información pública do expediente, e no seu cumprimento, ordenar a

*urbanística del equipamiento de contingencia “SL-EQ-DM (Ob)”, prevista por la modificación puntual del PGOM/13, pasando a tener una calificación de equipamiento administrativo “SL-AD (Ob)”.*

*TERCERO. - Publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*CUARTO. - Remitir el acuerdo a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia y a los Departamentos municipales interesados en su tramitación, para los efectos de su conocimiento.*

### ASUNTO 3

#### **146. Expte. 631/2023/31**

**Aprobación definitiva del Estudio de Detalle de la parcela número 2 del PERI de la Maestranza.**

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 11 de diciembre de 2023, con los votos a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y la abstención de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes nos propios términos de la propuesta formulada:*

*PRIMERO. - Aprobar el informe municipal del 21.03.2023, con CSV 4B470Y1L1H3Z4X5D0PAS, en el que se analizan los informes emitidos al documento y se da contestación a las alegaciones presentadas durante el período de información pública del expediente, y en su cumplimiento, ordenar*



publicación no BOP da normativa urbanística completa do Plan Especial de Reforma Interior da Maestranza da Coruña, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do 12.12.1994.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o documento denominado “ESTUDIO DE DETALLE PARCELA 2 PERI LA MAESTRANZA. NOVIEMBRE 2023”, promovido pola entidade LIPROMO A CORUÑA SLU, e asinado polo arquitecto Julio Zumárraga Gómez, habilitado como Colegiado número 12.408 do COAG.

TERCEIRO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento e desenvolvemento desta, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

CUARTO.- Notificar este acordo ao promotor do documento e aos Servizos e Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

#### **Señor Secretario**

Asunto dous, aprobación do cambio do uso da parcela destinada a equipamento público localizada no número 24 da avenida do Ferrocarril e asunto número 3, aprobación definitiva do Estudo de Detalle da parcela número 2 do PERI da Maestranza.

O primeiro deles require maioría absoluta legal, o segundo maioría simple.

#### **Presidencia**

Ben, este debate se realizará tras o acordo na Comisión de Voceiros de maneira conxunta e despois haberá unha única

*la publicación en el BOP de la normativa urbanística completa del Plan Especial de Reforma Interior de la Maestranza de A Coruña, aprobado definitivamente por el Pleno municipal del 12.12.1994.*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente el documento denominado “ESTUDIO DE DETALLE PARCELA 2 PERI LA MAESTRANZA. NOVIEMBRE 2023”, promovido por la entidad LIPROMO A CORUÑA SLU, y firmado por el arquitecto Julio Zumárraga Gómez, habilitado como colegiado número 12.408 del COAG.*

*TERCERO. - Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, del 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento y desarrollo de esta, para procurar la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

*CUARTO. - Notificar este acuerdo al promotor del documento y a los Servicios y Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

#### **Señor Secretario**

*Asunto dos, aprobación del cambio del uso de la parcela destinada a equipamiento público localizada en el número 24 de la avenida del Ferrocarril y asunto número 3, aprobación definitiva del Estudio de Detalle de la parcela número 2 del PERI de la Maestranza.*

*El primero de ellos requiere mayoría absoluta legal, el segundo mayoría simple.*

#### **Presidencia**

*Bien, este debate se realizará tras el acuerdo en la Comisión de Portavoces de manera conjunta y después habrá un único*



quenda de debate de cinco minutos por grupo.

Comeza a exposición dos asuntos o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Gallego.

**Señor Díaz Gallego**

*Bos días, grazas alcaldesa.*

*O primeiro asunto que, que traemos de, ben, da parte resolutive pola parte de Urbanismo é de, neste caso un asunto de trámite relativo ao equipamento público situado na avenida do Ferrocarril 24, no antigo concesionario de Conde Medín.*

*O pasado mes de outubro aprobouse neste pleno municipal definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral no ámbito de POL-030 2, avenida de Joaquín Planells. Dita modificación, como explicabamos no seu momento, vén acompañada dun convenio urbanístico coa propiedade que vai permitir obter ao Concello unha zona verde de preto de 3.000 m<sup>2</sup>, 4.680 m<sup>2</sup> de viario e terreos na futura estación intermodal e unha nova parcela de equipamento público de 2.800 m<sup>2</sup> correspondentes, como dicíamos, ao antigo concesionario de Conde Medín. Un edificio dos anos 50 cun valor arquitectónico destacado como peza de arquitectura industrial da cidade.*

*Con motivo do levantamento do devandito edificio, que se estivo realizando este ano por parte do Servizo de Edificación, detectouse unha discrepancia en canto ao tamaño do edificio entre a realidade construída e a aprobada na modificación puntual. Tendo en conta o interese arquitectónico do edificio e a necesidade de conservalo na súa totalidade, hoxe traemos a pleno delimitar como uso dotacional público a totalidade do edificio e á súa vez,*

*turno de debate de cinco minutos por grupo.*

*Comienza la exposición de los asuntos el concejal de Urbanismo, señor Díaz Gallego.*

**Señor Díaz Gallego**

Buenos días, gracias alcaldesa.

El primer asunto que, que traemos, bueno, de la parte resolutive por la parte de Urbanismo, es en este caso un asunto de trámite relativo al equipamiento público situado en la avenida del Ferrocarril 24, en el antiguo concesionario de Conde Medín.

El pasado mes de octubre se aprobó en este pleno municipal definitivamente la modificación puntual del Plan General en el ámbito de POL-030 2, avenida de Joaquín Planells. Dicha modificación, como explicábamos en su momento, viene acompañada de un convenio urbanístico con la propiedad que va a permitir obtener al Concello una zona verde de cerca de 3.000 m<sup>2</sup> 4.680 m<sup>2</sup> de viario y terrenos en la futura estación intermodal y una nueva parcela de equipamiento público de 2.800 m<sup>2</sup> correspondientes, como decíamos, al antiguo concesionario de Conde Medín. Un edificio de los años 50 con un valor arquitectónico destacado como pieza de arquitectura industrial de la ciudad.

Con motivo del levantamiento de dicho edificio, que se estuvo realizando este año por parte del Servicio de Edificación, se detectó una discrepancia en cuanto al tamaño del edificio entre la realidad construida y la aprobada en la modificación puntual. Teniendo en cuenta el interés arquitectónico del edificio y la necesidad de conservarlo en su totalidad, hoy traemos a pleno delimitar como uso dotacional público la totalidad del edificio y a su vez, aprovechando ya esta tramitación,



*aproveitando xa esta tramitación, asignarlle un uso de dotación administrativo dado que hoxe en día o seu uso é o xenérico de dotación de continxencia.*

*Creemos que pola súa localización, moi vinculada á nova Estación Intermodal e ás vías de acceso á cidade, pode ter un futuro como edificio público administrativo. O acordo da proposta que traemos hoxe a acordo ao Pleno municipal, por tanto, é a seguinte: primeiro, cambiar o uso dunha superficie de 440,81 m<sup>2</sup> de chan da parcela situada na avenida do Ferrocarril 24, cualificados como viario local público, pasando a ter unha cualificación urbanística de equipamento público; segundo, cambiar a cualificación urbanística de equipamento de continxencia prevista pola modificación puntual do Plan 2013, pasando a ter unha cualificación de equipamento administrativo; publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia; e remitir o acordo tanto á Consellería de Medio Ambiente e Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia como aos departamentos municipais interesados na súa tramitación.*

*O segundo asunto da Parte Resolutiva é a aprobación definitiva do Estudo de Detalle na parcela 2 do PERI da Maestranza. O 26 de xaneiro de 2022 a empresa propietaria da parcela presentou en Rexistro municipal o devandito Estudo de Detalle que foi aprobado por Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2022. No verán dese ano ábrese o período de exposición ao público presentándose un total de tres alegacións, parte das cales se estiman parcialmente. Finalmente, en novembro de 2023, preséntase o último documento do Estudo de Detalle con todas as modificacións solicitadas polos informes*

asignarle un uso dotacional administrativo dado que hoy en día su uso es el genérico de dotacional de contingencia.

Creemos que por su ubicación, muy vinculada a la nueva Estación Intermodal y a las vías de acceso a la ciudad, puede tener un futuro como edificio público administrativo. El acuerdo de la propuesta que traemos hoy a acuerdo al Pleno municipal, por tanto, es la siguiente: primero cambiar el uso de una superficie de 440,81 m<sup>2</sup> de suelo de la parcela situada en la avenida del Ferrocarril 24, calificados como viario local público, pasando a tener una calificación urbanística de equipamiento público; segundo, cambiar la calificación urbanística de equipamiento de contingencia prevista por la modificación puntual del Plan 2013, pasando a tener una calificación de equipamiento administrativo; publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia; y remitir el acuerdo tanto a la Consellería de Medio Ambiente y Territorio y Vivienda de la Xunta de Galicia como a los departamentos municipales interesados en su tramitación.

El segundo asunto de la Parte Resolutiva es la aprobación definitiva del Estudio de Detalle en la parcela 2 del PERI de la Maestranza. El 26 de enero de 2022 la empresa propietaria de la parcela presentó en Registro municipal dicho Estudio de Detalle que fue aprobado por Junta de Gobierno Local el 22 de junio de 2022. En verano de ese año se abre el periodo de exposición al público presentándose un total de tres alegaciones, parte de las cuales se estiman parcialmente. Finalmente, en noviembre de 2023, se presenta el último documento del Estudio de Detalle con todas las modificaciones solicitadas por los informes sectoriales, por los informes



*sectoriais, polos informes municipais e froito tamén das alegacións. Este documento que traemos hoxe a pleno para aprobación definitiva conta con informe favorable de Costas da Xunta, Costas do Estado e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*

*O Plan Especial de Maestranza está recollido no Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Peixaría de 2015 que o inclúe na súa disposición transitoria primeira indicando o seguinte: manterá a súa ordenación e determinacións coas únicas modificacións que debeñen da diferente zonificación de equipamentos e espazos libres establecidas en planos e memoria de ordenación, da catalogación existente sobre o Baluarte dos Pelamios con destino a equipamento e da consideración das instalacións da Sociedade Hípica como parque deportivo aos efectos da regulación establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal. A estes efectos, a realización de novos volumes de edificación requirirá a tramitación de estudos de detalle que deberán ser informados pola administración competente en materia de protección do patrimonio.*

*A motivación, por tanto, deste estudo de detalle atópase tanto no propio PEPRI de 2015 como en dous asuntos importantes para o desenvolvemento desa zona: a adecuación das cotas e rasantes entre a cartografía e a realidade existente da urbanización xa executada e, dado a contorna en que se atopa, o establecemento dunhas condicións estéticas que neste caso son unha transposición das que o propio PEPRI 2015 recolle para as novas edificacións. Ademais, estas condicións foron tratadas xa en varias ocasións na Comisión do Plan Especial en paralelo á tramitación deste documento.*

municipales y fruto también de las alegaciones. Este documento que traemos hoy a pleno para aprobación definitiva cuenta con informe favorable de Costas de la Xunta, Costas del Estado y de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

El Plan Especial de Maestranza está recogido en el Plan Especial de Protección y Reforma Interior de la Ciudad Vieja y Pescadería de 2015 que lo incluye en su disposición transitoria primera indicando lo siguiente: *mantendrá su ordenación y determinaciones con las únicas modificaciones que devienen de la diferente zonificación de equipamientos y espacios libres establecidas en planos y memoria de ordenación, de la catalogación existente sobre el Baluarte de los Pelamios con destino a equipamiento y de la consideración de las instalaciones de la Sociedad Hípica como parque deportivo a los efectos de la regulación establecida en el Plan General de Ordenación Municipal. A estos efectos, la realización de nuevos volúmenes de edificación requerirá la tramitación de estudios de detalle que deberán ser informados por la administración competente en materia de protección del patrimonio.*

La motivación, por tanto, de este estudio de detalle se encuentra tanto en el propio PEPRI de 2015 como en dos asuntos importantes para el desarrollo de esa zona: la adecuación de las cotas y rasantes entre la cartografía y la realidad existente de la urbanización ya ejecutada y, dado el entorno en que se encuentra, el establecimiento de unas condiciones estéticas que en este caso son una trasposición de las que el propio PEPRI 2015 recoge para las nuevas edificaciones. Además, estas condiciones han sido tratadas ya en varias ocasiones en la Comisión del Plan Especial en paralelo a la tramitación de este documento.



*O ámbito por tanto é o da parcela 2, como dicimos, cunha superficie de 1.353 m2 na que está prevista unha edificación de cinco alturas que permita xuntarse á edificación lindeira e tapar as medianeiras existentes. A proposta que traemos de acordo a este pleno municipal é, por tanto, primeiro, aprobar o informe municipal do 21 de marzo de 2023 no que se analizan os informes emitidos ao documento e se dá contestación ás alegacións presentadas durante o período de información pública do expediente, e, no seu cumprimento, ordenar a publicación no BOP da normativa urbanística completa do Plan Especial de Reforma Interior da Maestranza de Coruña, aprobado definitivamente polo Pleno municipal o 12 de decembro de 1994; segundo, aprobar definitivamente o documento denominado Estudio de Detalle, parcela 2, PERI da Maestranza, novembro 2023, promovido pola entidade Lipromo Coruña SLU, e asinado polo arquitecto Julio Zumárraga Gómez; terceiro, ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei do solo de Galicia e concordantes co Regulamento e desenvolvemento desta para procurar a entrada en vigor do Estudio de Detalle aprobado; e cuarto, notificar este acordo tanto ao promotor do documento como aos servizos e departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

*Moitas grazas, señor Díaz.*

*Comezamos o debate. Ten o turno o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira. Cinco minutos.*

El ámbito por tanto es el de la parcela 2, como decimos, con una superficie de 1.353 m2 en la que está prevista una edificación de cinco alturas que permita adosarse a la edificación colindante y tapar las medianeras existentes. La propuesta que traemos de acuerdo a este pleno municipal es, por tanto, primero, aprobar el informe municipal del 21 de marzo de 2023 en el que se analizan los informes emitidos al documento y se da contestación a las alegaciones presentadas durante el periodo de información pública del expediente, y, en su cumplimiento, ordenar la publicación en el BOP de la normativa urbanística completa del Plan Especial de Reforma Interior de la Maestranza de Coruña, aprobado definitivamente por el Pleno municipal el 12 de diciembre de 1994; segundo, aprobar definitivamente el documento denominado Estudio de Detalle, parcela 2, PERI de la Maestranza, noviembre 2023, promovido por la entidad Lipromo Coruña SLU, y firmado por el arquitecto Julio Zumárraga Gómez; tercero, ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley de suelo de Galicia y concordantes con el Reglamento y desarrollo de ésta para procurar la entrada en vigor del Estudio de Detalle aprobado; y cuarto, notificar este acuerdo tanto al promotor del documento como a los servicios y departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Comenzamos el debate. Tiene el turno el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira. Cinco minutos.*



**Señora Veira González**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, quixera saudar os membros da Corporación, o funcionariado que nos acompaña, o público que nos segue desde a Tribuna e desde o *streaming*, e tamén o persoal dos medios de comunicación. Un saúdo moi especial os membros da Comisión Aberta en Defensa do Común que hoxe nos acompañan.

En primeiro lugar, quixera sinalar que imos votar a favor do cambio de uso da parcela ocupada hoxe en día por Conde Medín e quixera centrar a miña intervención sobre todo no asunto do Estudo de Detalle da Maestranza ou do Campo da Estrada.

Desde o BNG imos votar en contra deste estudo de detalle. Somos conscientes de que este estudo de detalle o que fai é desenvolver as determinacións recollidas e herdadas en, bueno, en instrumentos de planeamento que están vixentes e tamén nun convenio de 1984 asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio de Defensa, pero tamén é certo que os convenios non son inmutábeis, son acordos asinados entre administracións públicas que teñen os seus propios gobernos. A sociedade e as cidades evólúan e non ten sentido ningún seguir aplicando acriticamente as determinacións dun convenio urbanístico asinado hai case 40 anos como se arredor dos terreos do Campo da Estrada non se tivese descuberto nada, como se non houberse cambios normativos en canto á protección do patrimonio, etcétera, etcétera. Pero imos tentar facer algo de historia, explicar algo de historia arredor destes terreos e explicar tamén os dez motivos polos que imos votar en contra.

**Señora Veira González**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*En primer lugar, quisiera saludar a los miembros de la Corporación, al funcionariado que nos acompaña, al público que nos sigue desde la Tribuna y en directo, y también al personal de los medios de comunicación. Un saludo muy especial a los miembros de la Comisión Aberta en Defensa do Común que hoy nos acompañan.*

*En primer lugar, quisiera señalar que vamos a votar a favor del cambio de uso de la parcela ocupada hoy en día por Conde Medín y quisiera centrar mi intervención sobre todo en el asunto del Estudio de Detalle de la Maestranza o del Campo de A Estrada.*

*Desde el BNG vamos a votar en contra de este estudio de detalle. Somos conscientes de que este estudio de detalle lo que hace es desarrollar las determinaciones recogidas y heredadas en, bueno, en instrumentos de planeamiento que están vigentes y también en un convenio de 1984 firmado entre el Ayuntamiento de A Coruña y el Ministerio de Defensa, pero también es cierto que los convenios no son inmutables, son acuerdos firmados entre administraciones públicas que tienen sus propios gobiernos. La sociedad y las ciudades evolucionan y no tiene sentido alguno seguir aplicando acriticamente las determinaciones de un convenio urbanístico firmado hace casi 40 años como si alrededor de los terrenos del Campo da Estrada no se hubiera descubierta nada, como si no hubiera cambios normativos en cuanto a la protección del patrimonio, etcétera, etcétera. Pero vamos a intentar hacer algo de historia, explicar algo de historia alrededor de estos terrenos y explicar*



*también los diez motivos por los que vamos a votar en contra.*

En primeiro lugar, porque este estudo de detalle determina que unha empresa privada poida construír nuns terreos adquiridos ó Ministerio de Defensa nunha poxa que nunca se tivo que ter producido. Este soar do que hoxe falamos tiña que ter sido devolto gratuitamente a esta cidade.

*En primer lugar, porque este estudio de detalle determina que una empresa privada pueda construir en unos terrenos adquiridos al Ministerio de Defensa en una subasta que nunca se tuvo que haber producido. Este solar del que hoy hablamos tenía que haber sido devuelto gratuitamente a esta ciudad.*

En segundo lugar, porque os terreos historicamente lle pertencían á cidade da Coruña. Foron ocupados polo Ministerio da Guerra en épocas de monarquías absolutistas e durante o século dezanove foron reiteradamente demandadas polo Goberno municipal da Coruña e tamén polo seu Pleno. Xa en 1840 o Goberno municipal da Coruña solicitaba a devolución dos terreos do Campo da Estrada porque, e cito textualmente, *o terreo de que se trata non pode pertencer á Nación, pois é de este pobo*. E na sesión plenaria de 12 de marzo de 1855 acordaba *eleva á súa maxestade unha reverente pero enérxica exposición demostrando que o terreo de que se trata non pode pertencer á Nación pois é de dominio deste pobo segundo os seus títulos que posúe e as reais concesións que ao seu favor fixéronse, suplicando, por conseguinte, se digne declarando propiedade desta municipalidade*.

*En segundo lugar, porque los terrenos históricamente le pertenecían a la ciudad de A Coruña. Fueron ocupados por el Ministerio de la Guerra en épocas de monarquías absolutistas y durante el siglo diecinueve fueron reiteradamente demandadas por el gobierno municipal de A Coruña y también por su Pleno. Ya en 1840 el Gobierno municipal de A Coruña solicitaba la devolución de los terrenos del Campo da Estrada porque, y cito textualmente, el terreno de que se trata no puede pertenecer a la Nación, pues es de este pueblo. Y en la sesión plenaria de 12 de marzo de 1855 acordaba elevar a su majestad una reverente pero enérgica exposición demostrando que el terreno de que se trata no puede pertenecer a la Nación pues es de dominio de este pueblo según sus títulos que posee y las reales concesiones que a su favor se han hecho, suplicando, por consiguiente, se digne declarando propiedad de esta municipalidad.*

En terceiro lugar, porque isto é —votar en contra—, é o coherente coa postura do Bloque Nacionalista Galego, coa postura política do Bloque Nacionalista Galego de reclamar constantemente a devolución gratuíta destes terreos. Porque presentamos unha chea de iniciativas aquí e no Congreso dos Deputados e das Deputadas reclamando que os terreos que eran da cidade volvesen a selo. E porque o PSOE ademais ten no seu haber unha

*En tercer lugar, porque esto es —votar en contra—, es lo coherente con la postura del Bloque Nacionalista Galego, con la postura política del Bloque Nacionalista Galego de reclamar constantemente la devolución gratuita de estos terrenos. Porque presentamos un montón de iniciativas aquí y en el Congreso de los Diputados y de las Diputadas reclamando que los terrenos que eran de la ciudad volvieran a serlo. Y porque el PSOE*



postura realmente confusa con este tema absténdose en cada unha das iniciativas que en mandatos anteriores se trouxeron a Pleno e que saíron aprobadas, e polo tanto son declaracións da vontade do Pleno que eticamente os gobernos deberan defender. Pero logo é que ademais a confusión ven non só pola súa abstención constante, senón porque o Partido Socialista votou a favor no Congreso dos Deputados, a través do seu deputado Ricardo García Mira, dunha iniciativa de En Marea que resultou aprobada e que dicía: *o Congreso dos Deputados insta o Goberno a establecer unha mesa de negociación entre o Ministerio de Defensa e o Concello da Coruña para estudar o traspaso ao Concello da Coruña das parcelas referidas facilitando, así, desde o Ministerio de Defensa, a devolución gratuita ao Concello da Coruña dos terreos e parcelas referidas sitas no Campo da Estrada para o seu uso público xa que son espazos comunais, bens propios pertencentes á cidade desde a súa fundación.*

En quinto lugar, porque este estudio de detalle culmina un proceso absolutamente inxusto coa nos cidade fronte a outras moitas cidades do Estado nas que se teñen cedido gratuitamente terreos do Ministerio de Defensa como Barcelona o Alcalá de Henares.

En sexto lugar, porque estamos en contra radicalmente da política do Estado de vender a cidade da Coruña por anacos, da política de Defensa Sociedad Anónima, Defensa S.A., de facer caixa con cada un dos anacos de solo que ten na cidade da Coruña. É unha política que parecen ademais compartir tanto Partido Popular como Partido Socialista, porque nada se notou neste sentido o cambio do Goberno do Estado en 2018 nin o feito de que o

*además tiene en su haber una postura realmente confusa con este tema absteniéndose en cada una de las iniciativas que en mandatos anteriores se trajeron a Pleno y que salieron aprobadas, y por lo tanto son declaraciones de la voluntad del Pleno que éticamente los gobiernos debieran defender. Pero luego es que además la confusión viene no solo por su abstención constante, sino porque el Partido Socialista votó a favor en el Congreso de los Diputados, a través de su diputado Ricardo García Mira, de una iniciativa de En Marea que resultó aprobada y que decía: el Congreso de los Diputados insta al Gobierno a establecer una mesa de negociación entre el Ministerio de Defensa y el Ayuntamiento de A Coruña para estudiar el traspaso al Ayuntamiento de A Coruña de las parcelas referidas, facilitando así, desde el Ministerio de Defensa, la devolución gratuita al Ayuntamiento de A Coruña de los terrenos y parcelas referidas sitas en el Campo de A Estrada para su uso público ya que son espacios comunales, bienes propios pertenecientes a la ciudad desde su fundación.*

*En quinto lugar, porque este estudio de detalle culmina un proceso absolutamente injusto con nuestra ciudad frente a otras muchas ciudades del Estado en las que se han cedido gratuitamente terrenos del Ministerio de Defensa como Barcelona o Alcalá de Henares.*

*En sexto lugar, porque estamos en contra radicalmente de la política del Estado de vender la ciudad de A Coruña por trozos, de la política de Defensa Sociedad Anónima, Defensa S.A., de hacer caja con cada uno de los trozos de suelo que tiene en la ciudad de A Coruña. Es una política que parecen además compartir tanto Partido Popular como Partido Socialista, porque nada se notó en este sentido el cambio del Gobierno del Estado en 2018 ni*



Partido Socialista governe a cidade da Coruña e o Goberno e o propio Estado desde o 2019.

En sétimo lugar, porque esta política extractiva de solo público, normalmente xa digo pertencente á cidade para construír e construír vivenda, construír vivenda para quen e a que prezos?, porque esa é a cuestión. Estamos falando de solo público que acaba en mans privadas para o final construír vivenda a prezo de ouro.

En oitavo lugar, (**óese un sinal acústico indicativo do final do tempo de intervención**) —remato xa— porque a veciñanza da Cidade Vella se pronunciou en maio de 2018 radicalmente en contra de que se construísen esas parcelas e demandou claramente que se destinasen a zona verde e equipamentos públicos nunha consulta pública na que participaron arredor de cincocentas persoas —449 persoas con DNI e residentes na Cidade Vella—, pronunciándose 436, case un 93 %, a favor do destino das parcelas a equipamentos e zonas verdes, 12 votos a favor da puxa e un voto nulo.

En noveno lugar, porque estamos no século XXI e cremos que o que hoxe se aproba aquí é absolutamente contrario ós principios dun desenvolvemento urbano sustentábel pola súa proximidade ao mar. O feito de que haxa edificacións máis próximas ó mar non significa para nada que se poidan validar estas construcións.

E en décimo lugar, porque cremos que este desenvolvemento que recolle o Estudo de Detalle non protexe en absoluto nin o BIC do conxunto histórico da Cidade Vella nin o BIC do sistema defensivo da Cidade Vella por moito que lóxicamente se obrigue a que as partidas de remoción de terras se realicen con

*el hecho de que el Partido Socialista gobierne la ciudad de A Coruña y el Gobierno y el propio Estado desde el 2019.*

*En séptimo lugar, porque esta política extractiva de suelo público, normalmente ya digo perteneciente a la ciudad para construir y construir vivienda, construir vivienda ¿para quién y a qué precios?, porque esa es la cuestión. Estamos hablando de suelo público que acaba en manos privadas para al final construir vivienda a precio de oro.*

*En octavo lugar, (se oye una señal acústica indicativa del final del tiempo de intervención) —finalizo ya— porque el vecindario de la Ciudad Vieja se pronunció en mayo de 2018 radicalmente en contra de que se construyeran esas parcelas y demandó claramente que se destinaran a zona verde y equipamientos públicos en una consulta pública en la que participaron alrededor de quinientas personas —449 personas con DNI y residentes en la Ciudad Vieja—, pronunciándose 436, casi un 93 %, a favor del destino de las parcelas a equipamientos y zona verdes, 12 votos a favor de la puja y un voto nulo.*

*En noveno lugar, porque estamos en el siglo XXI y creemos que lo que hoy se aprueba aquí es absolutamente contrario a los principios de un desarrollo urbano sostenible por su cercanía al mar. El hecho de que haya edificaciones más próximas al mar no significa para nada que se puedan validar estas construcciones.*

*Y en décimo lugar, porque creemos que este desarrollo que recoge el Estudio de Detalle no protege en absoluto ni el BIC del conjunto histórico de la Ciudad Vieja ni el BIC del sistema defensivo de la Ciudad Vieja por mucho que lógicamente se obligue a que las partidas de remoción de tierras se realicen con control*



control arqueolóxico. É absolutamente incomprensíbel que a Dirección Xeral de Patrimonio autorice isto e sen embargo se poña estupenda co cambio dunhas fiestras en segundo que zonas ou que chegue a multar a locais de hostalería polos toldos, pero informa, como digo, favorabelmente a isto.

Estes son os motivos polos que o BNG vai votar en contra deste estudo de detalle.

Nada mais.

### **Presidencia**

Moitas grazas señora Veira pola súa intervención.

Turno para o Partido Popular, señor Deus.

### **Señor Deus Álvarez**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bo día a todos os compañeiros concelleiros, a todas as persoas que nos seguen por *streaming*, ás que nos acompañan desde a Tribuna, en especial o alumnado do IES.

*Volve a este Pleno o asunto das parcelas da Maestranza, tema xa debatido en mandatos anteriores e que á vista da situación na que nos atopamos neste momento teño a sensación de que se utilizou moita demagogia e poucos esforzos en tentar buscar outra solución para estas parcelas. En 2016 xa o Pleno do Concello instou o Goberno municipal, naquel momento de Marea, sen ningún voto en contra, a negociar con Defensa e modificar o Plan Xeral. Desde esa data pasaron dous mandatos e á vista está que foron incapaces de chegar a un acordo co Ministerio de Defensa. A nosa postura*

*arqueolóxico. Es absolutamente incomprensible que la Dirección General de Patrimonio autorice esto y sin embargo se ponga estupenda con el cambio de unas ventanas en según qué zonas o que llegue a multar a locales de hostelería por los toldos, pero informa, como digo, favorablemente a esto.*

*Estos son los motivos por los que el BNG va a votar en contra de este estudio de detalle.*

*Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias señora Veira por su intervención.*

*Turno para el Partido Popular, señor Deus.*

### **Señor Deus Álvarez**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Buenos días a todos los compañeros concejales, a todas las personas que nos siguen en directo, a las que nos acompañan desde la Tribuna, en especial al alumnado del IES.*

*Vuelve a este Pleno el asunto de las parcelas de la Maestranza, tema ya debatido en mandatos anteriores y que a la vista de la situación en la que nos encontramos en este momento tengo la sensación que se utilizó mucha demagogia y pocos esfuerzos en intentar buscar otra solución para estas parcelas. En 2016 ya el Pleno del Concello instó al Gobierno municipal, en aquel momento de Marea, sin ningún voto en contra, a negociar con Defensa y modificar el Plan General. Desde esa fecha han pasado dos mandatos y a la vista está que han sido incapaces de llegar a un acuerdo con el Ministerio de*



*sempre foi clara, si á negociación para chegar a acordos pero non a tomar decisións que poidan hipotecar ao Concello como lamentablemente ocorreu en Someso ou co Conde de Fenosa.*

*Unha vez máis teño que lembrarlles a nula capacidade de negociación dos dous últimos gobernos que tivo a cidade e que se din progresistas e que sempre antepuxeron os intereses partidistas por encima dos intereses da nosa cidade. Se o mandato da Marea Atlántica logrou un enfrontamento con todas as administracións e a paralización do funcionamento do Concello, o seu anterior mandato, señora Rey, pasará á historia polo nulo compromiso de Sánchez coa Coruña. Esperemos que neste mandato recuperemos o atraso dos investimentos que xa deberían estar executadas na cidade.*

*Este mandato reedítase con outro goberno en minoría que por suposto tamén etiquetan de progresista. Veremos que froitos dá este acordo para a cidade cun BNG ao que o señor Lage menosprezaba no mandato anterior por non sumar. Todo apunta a que hoxe veremos a primeira desavinza, e estámolo vendo entre os socios que forman esta unión temporal de intereses. Seguindo o costume do mandato anterior, señora Rey, os seus socios actuais van volver a deixala en minoría. Se polos socios que vostede elixe para ser alcaldesa dependese, nesta cidade estarían bloqueados temas tan importantes como o novo CHUAC ou a Intermodal, e segue sen calendario a toma de decisións sobre os terreos do porto e a fachada marítima. Teñen vostedes bloqueados todos os desenvolvementos urbanísticos da cidade porque necesitan a aprobación deste Pleno e saben que non teñen o apoio dos*

Defensa. Nuestra postura siempre ha sido clara, sí a la negociación para llegar a acuerdos pero no a tomar decisiones que puedan hipotecar al Concello como lamentablemente ha ocurrido en Someso o con el Conde de Fenosa.

Una vez más tengo que recordarles la nula capacidad de negociación de los dos últimos gobiernos que ha tenido la ciudad y que se dicen progresistas y que siempre han antepuesto los intereses partidistas por encima de los intereses de nuestra ciudad. Si el mandato de A Marea Atlántica logró un enfrentamiento con todas las administraciones y la paralización del funcionamiento del Concello, su anterior mandato, señora Rey, pasará a la historia por el nulo compromiso de Sánchez con A Coruña. Esperemos que en este mandato recuperemos el retraso de las inversiones que ya deberían estar ejecutadas en la ciudad.



*absolutamente todas, no ámbito dos servizos sociais, fundamentalmente aquelas que se fan nos centros cívicos pódese facer a inscrición telefónica; no 010 váiselles a remitir a un centro de chamadas, existe un contrato con varias persoas que se encargan de facer a inscrición para as persoas maiores por unha razón obvia, moitas persoas maiores non o fan. Por certo, das poucas administracións públicas que o fan, das poucas administracións públicas que o fan, porque todos somos conscientes que noutras administracións, dun signo ou do outro, acabouse o que é a inscrición de maneira física. En Servizos Sociais e fundamentalmente destinado ás persoas maiores séguese facendo.*

*E séguese facendo sobre todo, todas esas cuestións que vostede fala. Fala da campaña de sensibilización á cidadanía sobre a soidade non desexada. Falamos constantemente da soidade non desexada. Anunciamos ou demos a coñecer ese “Coruña acompaña” que non deixa de ser outra cousa a maneira de recoñecer todas as actividades e todos os servizos que se prestan desde o Concello da Coruña á xente maior, e sobre todo que hai que falar da soidade non desexada, fundamentalmente para tratala, pero tamén para previla. Previla a través da socialización, previla porque a xente maior xa non é un concepto único. Hai xente que está recentemente xubilada e que por tanto demanda unha serie de actividades moi diferentes ás que pode, efectivamente, demandar unha muller que se atopa viúva con oitenta e pico anos e que por primeira vez socializa despois de dedicarse fundamentalmente á crianza e existe, ademais, actividades que se van adaptando en función das necesidades que se van expondo.*

*Fala vostede do programa de identificación vital e o que me comentaba*

absolutamente todas, en el ámbito de los servicios sociales, fundamentalmente aquellas que se hacen en los centros cívicos se puede hacer la inscripción telefónica; en el 010 se les va a remitir a un *call center*, existe un contrato con varias personas que se encargan de hacer la inscripción para las personas mayores por una razón obvia, muchas personas mayores no lo hacen. Por cierto, de las pocas administraciones públicas que lo hacen, de las pocas administraciones públicas que lo hacen, porque todos somos conscientes que en otras administraciones, de un signo o del otro, se acabó lo que es la inscripción de manera física. En Servicios Sociales y fundamentalmente destinado a las personas mayores se sigue haciendo.

Y se sigue haciendo sobre todo, todas esas cuestiones que usted habla. Habla de la campaña de sensibilización a la ciudadanía sobre la soledad no deseada. Hablamos constantemente de la soledad no deseada. Anunciamos o dimos a conocer ese “Coruña acompaña” que no deja de ser otra cosa la manera de reconocer todas las actividades y todos los servicios que se prestan desde el Ayuntamiento de A Coruña a la gente mayor, y sobre todo que hay que hablar de la soledad no deseada, fundamentalmente para tratarla, pero también para prevenirla. Prevenirla a través de la socialización, prevenirla porque la gente mayor ya no es un concepto único. Hay gente que está recién jubilada y que por lo tanto demanda una serie de actividades muy diferentes a las que puede, efectivamente, demandar una mujer que se encuentra viuda con ochenta y pico años y que por primera vez socializa después de haberse dedicado fundamentalmente a la crianza y existe, además, actividades que se van adaptando en función de las necesidades que se van planteando.

Habla usted del programa de identificación vital y lo que me comentaba usted de que



*vostede de que se anunciou. Efectivamente, faise. Nós estamos constantemente en contacto co Padrón municipal e coa OMADAP para saber como está o censo de persoas maiores. Que se nos escapan casos? Por suposto que si, por suposto que si, por suposto que si. A pandemia, ademais foi o que nos puxo de fronte á realidade: moita xente maior soa, por certo, con rede familiar.*

*Coincido completamente na exposición de motivos cando vostede fala de que estamos nunha sociedade cada vez máis individualista. A administración pública ten que responder, eu creo que tamén. Cada un de nós no ámbito individual ten que responder e temos que ver que trato estamos a darlle aos nosos pais e aos nosos avós ou como se están incumprindo as obrigas de coidado, de atención e de vixilancia sobre as persoas maiores, pero púxonos de fronte a unha realidade que eran as persoas maiores que nós non tiñamos censadas, por dicilo dalgunha maneira, en ningún dos nosos servizos. Nin nas actividades, nin por asistencia aos centros cívicos, nin desde logo cando se atopan en situacións onde requiren coidado ou son os servizos de atención domiciliaria.*

*Pero existe todo ese ámbito de voluntariado (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención) do que vostede fala, voluntariado de persoas maiores a través non soamente das actividades que están contratadas nos centros cívicos, senón tamén dos clubs. Os clubs son aqueles lugares onde as persoas maiores prestan voluntariado e levan anos prestando voluntariado, e traballan en rede, e traballamos en rede fundamentalmente coas entidades do terceiro sector. Falamos de miles e miles de euros que se destinan a soidade non desexada a través*

se anunciou. Efectivamente, se hace. Nosotros estamos constantemente en contacto con el Padrón municipal y con la OMADAP para saber cómo está el censo de personas mayores ¿Que se nos escapan casos? Por supuesto que sí, por supuesto que sí, por supuesto que sí. La pandemia, además fue lo que nos puso de frente a la realidad: mucha gente mayor sola, por cierto, con red familiar.

Coincido completamente en la exposición de motivos cuando usted habla de que estamos en una sociedad cada vez más individualista. La administración pública tiene que responder, yo creo que también. Cada uno de nosotros en el ámbito individual tiene que responder y tenemos que ver qué trato le estamos dando a nuestros padres y a nuestros abuelos o cómo se están incumpliendo las obligaciones de cuidado, de atención y de vigilancia sobre las personas mayores, pero nos puso de frente a una realidad que eran las personas mayores que nosotros no teníamos censadas, por decirlo de alguna manera, en ninguno de nuestros servicios. Ni en las actividades, ni por asistencia a los centros cívicos, ni desde luego cuando se encuentran en situaciones donde requieren cuidado o son los servicios de atención domiciliaria.

Pero existe todo ese ámbito de voluntariado (*se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención*) del que usted habla, voluntariado de personas mayores a través no solamente de las actividades que están contratadas en los centros cívicos, sino también de los clubs. Los clubs son aquellos lugares donde las personas mayores prestan voluntariado y llevan años prestando voluntariado, y trabajan en red, y trabajamos en red fundamentalmente con las entidades del tercer sector. Hablamos de miles y miles de euros que se destinan a soledad no deseada a través de entidades, pero también a través



*de entidades, pero tamén a través do traballo directo que facemos.*

*Podería estenderme moitísimo máis porque bo, é un tema complexo e é un tema que está aí, pero bo, imos votar a favor.*

*Hai que seguir avanzando, pero desde logo o que está fóra de toda dúbida é o compromiso, evidentemente en orzamento, tamén en acción e tamén no traballo dos profesionais da Concellería de Servizos Sociais, bo, pois para traballar nun ámbito tan delicado como é o do coidado e o facer fronte á soidade non desexada, e sobre todo previla, da xente maior, pero tamén —e niso falaremos noutras ocasións— da xente nova, que tamén se atopan en moitas ocasións nunha situación de soidade da que non falamos, soidade acompañada, que aínda é máis terrible, pero bo, que seguramente dará lugar a outra moción ou a outros foros de traballo.*

*Moitísimas grazas.*

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Neira.

Señor Díaz, pode pasar para votar (**ás doce horas e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego**) e imos proceder á votación desta última moción presentada polo Partido Popular e transaccionada co BNG.

### **Votación da terceira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular transaccionada co Grupo municipal do

del trabajo directo que hacemos.

Podría extenderme muchísimo más porque bueno, es un tema complejo y es un tema que está ahí, pero bueno, vamos a votar a favor.

Hay que seguir avanzando, pero desde luego lo que está fuera de toda duda es el compromiso, evidentemente en presupuesto, también en acción y también en el trabajo de los profesionales de la Concejalía de Servicios Sociales, bueno, pues para trabajar en un ámbito tan delicado como es el del cuidado y el hacer frente a la soledad no deseada, y sobre todo prevenirla, de la gente mayor, pero también —y en eso hablaremos en otras ocasiones— de la gente joven, que también se encuentran en muchas ocasiones en una situación de soledad de la que no hablamos, soledad acompañada, que todavía es más terrible, pero bueno, que seguramente dará lugar a otra moción o a otros foros de trabajo.

Muchísimas gracias.

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Neira.*

*Señor Díaz, puede pasar para votar (a las doce horas y siete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego) y vamos a proceder a la votación de esta última moción presentada por el Partido Popular y transaccionada con el BNG.*

### **Votación de la tercera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular transaccionada con el Grupo*



Bloque Nacionalista Galego, para a creación dun plan de acción global destinado a combater a soidade non desexada, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Pois queda aprobada por unanimidade.

**153. Moción do Grupo municipal do Partido Popular transaccionada co Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para a creación dun plan global destinado a combater a soidade non desexada.**

### **Acordo**

Instar o Goberno municipal a:

1. A creación dun plan de acción global destinado a combater a soidade non desexada, que inclúa entre outras as seguintes medidas:

- Campaña de sensibilización á cidadanía acerca da soidade das persoas maiores.
- Programa de identificación vital de persoas maiores que viven en soidade coa creación dun rexistro.
- Creación dun equipo social para o control e atención das persoas maiores

*municipal del Bloque Nacionalista Galego, para la creación de un plan de acción global destinado a combatir la soledad no deseada, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Pues queda aprobada por unanimidad.*

**153. Moción del Grupo municipal del Partido Popular transaccionada con el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego para la creación de un plan global destinado a combatir la soledad no deseada.**

### **Acuerdo**

*Instar al Gobierno municipal a:*

*1. La creación de un plan de acción global destinado a combatir la soledad no deseada, que incluya entre otras las siguientes medidas:*

- Campaña de sensibilización a la ciudadanía acerca de la soledad de las personas mayores.*
- Programa de identificación vital de personas mayores que viven en soledad con la creación de un registro.*
- Creación de un equipo social para el control y atención de las personas mayores*



soas da cidade que leve a cabo unha labor de seguimento, control das necesidades e identificación dos recursos precisos en cada caso.

- Posta en funcionamento de novas solucións habitacionais.

- Creación e coordinación do servizo de voluntariado de proximidade.

- Programas de convivencia interxeracional.

- Fomento dos programas de voluntariado e programas de envellecemento activo entre as persoas maiores que as fagan sentirse útiles e necesarias.

- A mellora da atención dos servizos de atención domiciliaria, en todas as súas modalidades.

2. Esixir á Xunta de Galicia un plan autonómico contra a soidade non desexada, cun investimento suficiente e que aborde canto menos a necesidade de crear un servizo de teleasistencia, o impulso de modelos habitacionais que permitan a convivencia e acompañamento das persoas da terceira idade que viven soas, o reforzo de servizos de atención primaria e a mellora dos servizos de atención domiciliaria.

### **Presidencia**

Remata aquí o turno das mocións.

Sendo as 12.06 imos.... Aquí tamén facemos recreo, lle chamamos receso para que suene así... un pouco máis serio. Agardo que disfrutaran da sesión, que aprenderan moito. Creo que falo polos meus compañeiros e compañeiras cando digo que para nós é unha honra que a xente nova veña a visitarnos, a vernos.

*solas de la ciudad que lleve a cabo una labor de seguimiento, control de las necesidades e identificación de los recursos precisos en cada caso.*

*- Puesta en funcionamiento de nuevas soluciones habitacionales.*

*- Creación y coordinación del servicio de voluntariado de proximidad.*

*- Programas de convivencia intergeneracional.*

*- Fomento de los programas de voluntariado y programas de envejecimiento activo entre las personas mayores que las hagan sentirse útiles y necesarias.*

*- La mejora de la atención de los servicios de atención domiciliaria, en todas sus modalidades.*

*2. Exigir a la Xunta de Galicia un plan autonómico contra la soledad no deseada, con una inversión suficiente y que aborde cuanto menos la necesidad de crear un servicio de teleasistencia, el impulso de modelos habitacionales que permitan la convivencia y acompañamiento de las personas de la tercera edad que viven solas, el refuerzo de servicios de atención primaria y la mejora de los servicios de atención domiciliaria.*

### **Presidencia**

*Finaliza aquí el turno de las mociones.*

*Siendo las 12.06 vamos.... Aquí también hacemos recreo, le llamamos receso para que suene así... un poco más serio. Espero que disfrutaran de la sesión, que hayan aprendido mucho. Creo que hablo por mis compañeros y compañeras cuando digo que para nosotros es un honor que la gente joven venga a visitarnos, a vernos. Ojalá*



Ogallá que o debate fora interesante e estamos, como digo, falo en nome de todos, á vosa disposición para todo o que precisedes e encantados de que veñades cando queirades. Grazas tamén ós profes por acompañalos nesta actividade.

Paramos quince minutos como máximo e retomamos a sesión ás 12.22. Gracias.

**Ás doce horas e sete minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e trinta e un minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra, incluído tamén o señor Lorenzo Torres.**

### **3º. Preguntas de resposta oral.**

#### **PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre política en materia de persoal.**

#### **Presidencia**

Ben, retomamos a sesión coas preguntas de resposta oral. Comeza o BNG coa súa primeira pregunta.

Señor Soto, cando queira.

#### **Señor Soto Díaz**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

A pregunta é: considera o Goberno local que a súa política en materia de persoal é axeitada?

**Ás doce horas e trinta e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.**

*que el debate haya sido interesante y estamos, como digo, hablo en nombre de todos, a vuestra disposición para todo lo que preciséis y encantados de que vengaís cuando queráis. Gracias también a los profes por acompañarlos en esta actividad.*

*Paramos quince minutos como máximo y retomamos la sesión a las 12.22. Gracias.*

*A las doce horas y siete minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y treinta y un minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra, incluido también el señor Lorenzo Torres.*

### *3º. Preguntas de respuesta oral.*

#### *PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO*

*Primera. Pregunta de respuesta oral sobre política en materia de personal.*

#### *Presidencia*

*Ben, retomamos la sesión con las preguntas de respuesta oral. Comienza el BNG con su primera pregunta.*

*Señor Soto, cuando quiera.*

#### *Señor Soto Díaz*

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*La pregunta es: ¿considera el Gobierno local que su política en materia de personal es adecuada?*

*A las doce horas y treinta y dos minutos sale del Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.*



**Señor Lage Tuñas**

Bo día.

Pois señor concelleiro, o Concello aínda está a corrixir os recortes de personal que foron impostos polo Partido Popular durante a última crise económica e si, a política de persoal do Concello é así, axeitada e axustada á normativa laboral que rexe nas administracións públicas.

**Presidencia**

Apague o micro, por favor, señor Lage.

Señor Soto.

**Señor Soto Díaz**

Desculpas.

A razón desta pregunta trae causa no comunicado emitido pola Xunta de Persoal do Concello e que foi aprobado por unanimidade fai hoxe un mes. Nel denúnciase que a demora na tramitación da nova Relación de Postos de Traballo, coñecida normalmente polas súas siglas RPT, e a opacidade e extralimitación da modificación puntual da RPT actual.

Señor Lage, como ben sabe, a RPT é un instrumento de racionalización dos recursos humanos dunha administración pública, pero a lei tamén establece que a RPT debe ser pública, e debe de ser pública porque a RPT tamén é unha garantía para as traballadoras e traballadores públicos, unha garantía de que a súa retribución será xusta, mais tamén unha garantía de que a provisión de postos de traballo faise en cumprimento dos principios de mérito e capacidade, de aí que a representación dos traballadores

**Señor Lage Tuñas**

Buenos días.

*Pues señor concejal, el Ayuntamiento aún está corrigiendo los recortes de personal que fueron impuestos por el Partido Popular durante la última crisis económica y sí, la política de personal del Ayuntamiento es así, adecuada y ajustada a la normativa laboral que rige en las administraciones públicas.*

**Presidencia**

*Apague el micro, por favor, señor Lage.*

*Señor Soto.*

**Señor Soto Díaz**

*Disculpas.*

*La razón de esta pregunta trae causa en el comunicado emitido por la Junta de Personal del Ayuntamiento y que fue aprobado por unanimidad hace hoy un mes. En él se denuncia que la demora en la tramitación de la nueva Relación de Puestos de Trabajo, conocida normalmente por sus siglas RPT, y la opacidad y extralimitación de la modificación puntual de la RPT actual.*

*Señor Lage, como bien sabe, la RPT es un instrumento de racionalización de los recursos humanos de una administración pública, pero la ley también establece que la RPT debe ser pública, y debe de ser pública porque la RPT también es una garantía para las trabajadoras y trabajadores públicos, una garantía de que su retribución será justa, pero también una garantía de que la provisión de puestos de trabajo se hace en cumplimiento de los principios de mérito y capacidad, de ahí que la representación de los trabajadores*



e das traballadoras teña interese en que se publique a RPT e en que a súa elaboración sexa consultada con eles e elas.

Antes de continuar desexo incidir en que a RPT non é apenas de interese das e dos traballadores do Concello, en realidade é un asunto de interese pública porque a veciñanza ten interese en que a administración pública sexa transparente e que actúe con eficacia e que os seus recursos sexan utilizados eficientemente. Por iso a RPT impórtanos a todas e todos.

Agora ben, o que temos neste concello é unha demora de case catro meses na publicación da nova RPT e sabemos que o Servizo de Recursos Humanos outorgou unha prórroga á empresa que a está redactando, mais non sabemos por que, nin nós, que somos a oposición, nin a representación dos traballadores, nin a opinión pública, e chama a atención porque a empresa adjudicataria, polo que sabemos, ten sobrada experiencia neste tipo de traballos, e mentres tanto vostedes levan a cabo de forma opaca unha modificación, mal chamada puntual, da RPT. Digo que é mal chamada porque en realidade é unha reforma de moito calado, unha reforma que crea novos postos de alto nivel para funcionariado doutras administracións coa excusa de atraer talento.

Seguro que lembra, señor Lage, que no Pleno de outubro pregunteille se vostede tiña confianza no funcionariado do Concello e vostede contestou que si, que consideraba que o funcionariado deste concello tiña talento e capacidade. Daquela cae vostede nunha contradición, ó meu entender, porque digo eu que se neste concello hai talento, non será necesario traer talento doutras administracións e viceversa, pero soprar e sorber non pode ser.

*y de las trabajadoras tenga interés en que se publique la RPT y en que su elaboración sea consultada con ellos y ellas.*

*Antes de continuar desexo incidir en que la RPT no es apenas de interés de las y de los trabajadores del Ayuntamiento, en realidad es un asunto de interés público porque el vecindario tiene interés en que la administración pública sea transparente y que actúe con eficacia y que sus recursos sean utilizados eficientemente. Por eso la RPT nos importa a todas y todos.*

*Ahora bien, lo que tenemos en este ayuntamiento es una demora de casi cuatro meses en la publicación de la nueva RPT y sabemos que el Servicio de Recursos Humanos otorgó una prórroga a la empresa que la está redactando, pero no sabemos por qué, ni nosotros, que somos la oposición, ni la representación de los trabajadores, ni la opinión pública, y llama la atención porque la empresa adjudicataria, por lo que sabemos, tiene sobrada experiencia en este tipo de trabajos, y mientras tanto ustedes llevan a cabo de forma opaca una modificación, mal llamada puntual, de la RPT. Digo que es mal llamada porque en realidad es una reforma de mucho calado, una reforma que crea nuevos puestos de alto nivel para funcionariado de otras administraciones con la excusa de atraer talento.*

*Seguro que recuerda, señor Lage, que en el Pleno de octubre le pregunté si usted tenía confianza en el funcionariado del Ayuntamiento y usted contestó que sí, que consideraba que el funcionariado de este ayuntamiento tenía talento y capacidad. Luego cae usted en una contradicción, a mi entender, porque digo yo que si en este ayuntamiento hay talento, no será necesario traer talento de otras administraciones y viceversa, pero soplar y sorber no puede ser.*



Pídlle, hoxe xa por terceira vez nun pleno e pedireillo as veces que faga falta, por favor, actúen con transparencia na súa política de persoal, escoiten as traballadoras e traballadores desta casa, negocien con eles as cuestións que lles afectan, confíen no funcionariado do Concello da Coruña.

Moitas grazas.

### **Señor Lage Tuñas**

Moitas grazas, señor Soto, polas súas inquedanzas manifestadas a través da súa intervención.

Este goberno municipal confía nos recursos humanos deste concello, pero en ningún caso se autolimita. Eu sinto que repenique algunhas diatribas que eu creo que caen polo seu propio peso cando un, pois vai ós datos, non?, e me explico. Quero dicir, cando vostede dice que se crean postos de alto nivel para xente doutras administracións o que está é reproducindo notas de prensa doutras organizacións, pero no rigor que se lle supón como concelleiro debería de saber que a modificación dunha relación de postos de traballo non se fai para ninguén de ningunha outra administración. O que non se fai é limitar o acceso, que é moi diferente, que é moi diferente.

Claro, se o que defende —que é unha cousa que me gustaría saber, de verdade que me sorprende bastante—, se o que defende o Bloque Nacionalista Galego é que os postos dunha relación de postos de traballo da plantilla deste concello ou de calquera outro estean limitados só ós empregados desa institución, sería bo sabelo, sobre todo para ver un pouco se resisten a proba do algodón. Se non, é vir a facer disparos, así, ó aire.

*Le pido, hoy ya por tercera vez en un pleno y se lo pediré las veces que haga falta, por favor, actúen con transparencia en su política de personal, escuchen a las trabajadoras y trabajadores de esta casa, negocien con ellos las cuestiones que les afectan, confíen en el funcionariado del Ayuntamiento de A Coruña.*

*Muchas gracias.*

### **Señor Lage Tuñas**

*Muchas gracias, señor Soto, por sus inquietudes manifestadas a través de su intervención.*

*Este gobierno municipal confía en los recursos humanos de este ayuntamiento, pero en ningún caso se autolimita. Yo siento que repique algunas diatribas que yo creo que caen por su propio peso cuando uno, pues va a los datos, ¿no?, y me explico. Quiero decir, cuando usted dice que se crean puestos de alto nivel para gente de otras administraciones lo que está es reproduciendo notas de prensa de otras organizaciones, pero en el rigor que se le supone como concejal debería de saber que la modificación de una relación de puestos de trabajo no se hace para nadie de ninguna otra administración. Lo que no se hace es limitar el acceso, que es muy diferente, que es muy diferente.*

*Claro, si lo que defiende —que es una cosa que me gustaría saber, de verdad que me sorprende bastante—, si lo que defiende el Bloque Nacionalista Galego es que los puestos de una relación de puestos de trabajo de la plantilla de este ayuntamiento o de cualquier otro estén limitados solo a los empleados de esa institución, sería bueno saberlo, sobre todo para ver un poco si resisten la prueba del algodón. Si no, es venir a hacer disparos, así, al aire.*



A modificación da Relación de Postos de Traballo pasa un trámite que é a audiencia dunha mesa xeral de negociación e adóptase no órgano competente, que é na Xunta de Goberno Local, e ata aí.

Transparencia, toda. O que lle podo dicir é que dende que Inés Rey é alcaldesa, neste concello cando se convoca unha comisión de servizo, por exemplo, se lle dá publicidade, se dá un tempo para que se poida presentar quen queira, incluso os que están en contra das comisións de servizo, porque os que están en contra das comisións de servizo preséntanse a ver se se lle adjudican, que tempo haberá tamén de poñer estes exempliños, de todos os que veñen coa proba do algodón, pero dicen: *pero eu quero*. Bueno, dícenllo ó mellor en galego, pero válenos. Claro. Entonces, os sistemas que se critican son os mesmos ós que se optan.

Por certo, a diferenza dende que Inés Rey goberna ós 12 anos anteriores —e dígolle 12 anos para que lle de para atrás—, sabe cal é? Que agora vostede pode saber as comisións que se convocan, vostede pode coñecer quen se presenta e as persoas interesadas destas administracións ou doutras, se son postos que estén abertos, poden optar a esa comisión de servizo.

Sabía o que sucedía antes de que houbera este goberno? Pois nada de esto, co cal, eu o que pido é que diferenciemos entre as lexítimas disputas que se produzan noutros ámbitos ó rigor de representación nunha corporación porque creo, unha, dicir que unha relación de postos de traballo se modifica para postos para xente doutras administracións creo que é incorrecto. E vou a dicírllo explicitamente: o Concello da Coruña sempre, sempre que tivo rumbo, e agora o ten, nunca descartou o talento que

*La modificación de la Relación de Puestos de Trabajo pasa un trámite que es la audiencia de una mesa general de negociación y se adopta en el órgano competente, que es en la Junta de Gobierno Local, y hasta ahí.*

*Transparencia, toda. Lo que le puedo decir es que desde que Inés Rey es alcaldesa, en este ayuntamiento cuando se convoca una comisión de servicio, por ejemplo, se le da publicidad, se da un tiempo para que se pueda presentar quien quiera, incluso los que están en contra de las comisiones de servicio, porque los que están en contra de las comisiones de servicio se presentan a ver si se le adjudican, que tiempo habrá también de poner estos ejemplitos, de todos los que vienen con la prueba del algodón, pero dicen: pero yo quiero. Bueno, lo dicen a lo mejor en gallego, pero nos vale. Claro. Entonces, los sistemas que se critican son los mismos a los que se optan.*

*Por cierto, la diferencia desde que Inés Rey gobierna a los 12 años anteriores —y le digo 12 años para que le de para atrás—, ¿sabe cuál es? Que ahora usted puede saber las comisiones que se convocan, usted puede conocer quien se presenta y las personas interesadas de estas administraciones o de otras, si son puestos que estén abiertos, pueden optar a esa comisión de servicio.*

*¿Sabía lo que sucedía antes de que hubiera este gobierno? Pues nada de esto, con lo cual, yo lo que pido es que diferenciemos entre las legítimas disputas que se produzcan en otros ámbitos al rigor de representación en una corporación porque creo, una, decir que una relación de puestos de trabajo se modifica para puestos para gente de otras administraciones creo que es incorrecto. Y voy a decírselo explícitamente: el Ayuntamiento de A Coruña siempre, siempre que tuvo rumbo, y ahora lo tiene,*



puidera traer de ningunha outra administración, o cal non impide que se valoren os recursos humanos que hai na propia institución.

Temos boa valoración do personal do Concello? Sen dúbida ningunha. Mire, póñolle un exemplo, os orzamentos forman parte dun traballo arduo de negociación intensa, difícil e dura, pero intensa, entre o seu grupo e o Grupo de goberno, pero non sería posible sen o talento, sen a capacidade, sen o esforzo, sen o compromiso e sen a dedicación dun número moi elevado de funcionarios nos diferentes niveles que fixeron posible que chegáramos en tempo e forma.

Confianza, toda. Agora, se temos a capacidade de poder (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) traer a outras persoas doutras administracións, o que non vamos é a dicir unha cousa e facer outra. Si, claro, claro que si. Non sei se o BNG está en contra de que noutro concello se poden traer a alguén doutro concello o traian, incluso non sei se sabe se eso pasa ou non pasa. O digo un pouco por manter a coherencia.

Transparencia, o que lle acabo de contar. Antes do Goberno de Inés Rey aquí non se coñecía as comisións de servizo que se convocaban e invito, invito tamén a todos aqueles que falan disto a dicirlle algo que me parece importante.

Dende a década pasada, a anterior, ata hoxe, non houbo un concurso que se resolvera e que asignara postos de traballo por concurso precisamente, en base a unha comisión, unha valoración, etcétera. O fixo este goberno e acaba de ser publicado, o cal pon fin a esa situación que se denunciou en moitos casos de comisións de servizo que se producían porque non había concurso. É que non

*nunca descartó el talento que pudiera traer de ninguna otra administración, lo cual no impide que se valoren los recursos humanos que hay en la propia institución.*

*¿Tenemos buena valoración del personal del Ayuntamiento? Sin duda alguna. Mire, le pongo un ejemplo, los presupuestos forman parte de un trabajo arduo de negociación intensa, difícil y dura, pero intensa, entre su grupo y el Grupo de gobierno, pero no sería posible sin el talento, sin la capacidad, sin el esfuerzo, sin el compromiso y sin la dedicación de un número muy elevado de funcionarios en los diferentes niveles que hicieron posible que llegáramos en tiempo y forma.*

*Confianza, toda. Ahora, si tenemos la capacidad de poder (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) traer a otras personas de otras administraciones, lo que no vamos es a decir una cosa y hacer otra. Sí, claro, claro que sí. No sé si el BNG está en contra de que en otro ayuntamiento si pueden traer a alguien de otro ayuntamiento lo traigan, incluso no sé si sabe si eso pasa o no pasa. Lo digo un poco por mantener la coherencia.*

*Transparencia, lo que le acabo de contar. Antes del Gobierno de Inés Rey aquí no se conocía las comisiones de servicio que se convocaban e invito, invito también a todos aquellos que hablan de esto a decirle algo que me parece importante.*

*Desde la década pasada, la anterior, hasta hoy, no hubo un concurso que se haya resuelto y que haya asignado puestos de trabajo por concurso precisamente, en base a una comisión, una valoración, etcétera. Lo hizo este gobierno y acaba de ser publicado, lo cual pone fin a esa situación que se denunció en muchos casos de comisiones de servicio que se producían porque no había concurso. Es que no hubo*



houbo concurso co Goberno anterior, é dicir, foi lanzado, pero non se resolveu nada, nin co Goberno dos que están enfrente. E por certo, tampouco co que do que vostedes participaron.

Todos podemos mellorar (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**), pero eu o que digo é un pouquiño de prudencia e diferenciar as partes, digamos, que teñen que ver con outras esferas do ámbito laboral co que é o tema político. Claro que queremos os mellores servicios públicos.

E sobre a RPT o que lle podo dicir é que no pasado mandato establecimos un compromiso con toda a Xunta de Personal e con tódolos sindicatos. Cumplimos máis do 90 % dos compromisos adquiridos en setembro do ano 2019. Hoxe no Concello da Coruña está implantada a carreira horizontal. Era un desiderátum que permanentemente os sindicatos pedían, pero que ninguén lles fixo caso. Fíxose unha promoción interna que se levaba esperando máis de 15 anos por facela e practicamente máis do 90 % das prazas en oferta de emprego público se convocan no mesmo ano.

Bueno, é mellorable? Si. Agora, transparencia toda. Sobre a RPT, pois a min non me gusta o ritmo que leva o traballo de RPT, temos un compromiso de que neste mandato intentemos sacar a RPT e polo tanto, se hai que tomar algunha decisión drástica, pois a tomaremos e non nos vai a temblar o pulso se temos que tomar unha decisión. Agora, seamos ponderados e seamos capaces de recoñecer que hai un esforzo.

Por certo, o maior esforzo é de transparencia, e por certo, non está de máis que os mesmos que están en contra das comisións de servicio, home, sean un

*concurso con el Gobierno anterior, es decir, fue lanzado, pero no se resolvió nada, ni con el Gobierno de los que están enfrente. Y por cierto, tampoco con el que del que ustedes participaron.*

*Todos podemos mejorar (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención), pero yo lo que digo es un poquito de prudencia y diferenciar las partes, digamos, que tienen que ver con otras esferas del ámbito laboral con lo que es el tema político. Claro que queremos los mejores servicios públicos.*

*Y sobre la RPT lo que le puedo decir es que en el pasado mandato establecimos un compromiso con toda la Junta de Personal y con todos los sindicatos. Cumplimos más del 90 % de los compromisos adquiridos en septiembre del año 2019. Hoy en el Ayuntamiento de A Coruña está implantada la carrera horizontal. Era un desiderátum que permanentemente los sindicatos pedían, pero que nadie les hizo caso. Se hizo una promoción interna que se llevaba esperando más de 15 años por hacerla y prácticamente más del 90 % de las plazas en oferta de empleo público se convocan en el mismo año.*

*Bueno, ¿es mejorable? Sí. Ahora, transparencia toda. Sobre la RPT, pues a mí no me gusta el ritmo que lleva el trabajo de RPT, tenemos un compromiso de que en este mandato intentemos sacar la RPT y por lo tanto, si hay que tomar alguna decisión drástica, pues la tomaremos y no nos va a temblar el pulso si tenemos que tomar una decisión. Ahora, seamos ponderados y seamos capaces de reconocer que hay un esfuerzo.*

*Por cierto, el mayor esfuerzo es de transparencia, y por cierto, no está de más que los mismos que están en contra de las comisiones de servicio, hombre, sean un*



pouquiño coherentes porque son os primeiros que se presentan a ver se os nombramos en comisión de servicio. E non se preocupe que habemos de nombrar a algún tamén, non ha de haber problema.

**Presidencia**

Moitas grazas.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre o centro deportivo do Castrillón.**

**Presidencia**

Segunda pregunta do BNG sobre o centro deportivo do Castrillón, señor Jorquera.

Pode pasar, señor San Claudio.

**Ás doce horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.**

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

É coñecedor o Goberno local das condicións nas que se está prestando o servizo por parte da empresa contratada por Emvsa para a posta en marcha do centro deportivo do Castrillón?

**Señor Lage Tuñas**

Señor Jorquera, bo día. Somos coñecedores e me consta que vostede tamén é coñecedor de cal é a situación do centro deportivo do Castrillón. Creo que podo darlle abundante información. Creo que a máis relevante de todas é que a incertidume que había sobre un complexo deportivo no que o barrio que vostede ben coñece levaba n anos esperando todo tipo de compromisos, promesas e tal, esto que non lles gusta que eu diga... Non vostede,

*pouquito coherentes porque son los primeros que se presentan a ver si los nombramos en comisión de servicio. Y no se preocupe que hemos de nombrar a alguno también, no ha de haber problema.*

**Presidencia**

*Muchas gracias.*

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre el centro deportivo del Castrillón.***

**Presidencia**

*Segunda pregunta del BNG sobre el centro deportivo del Castrillón, señor Jorquera.*

*Puede pasar, señor San Claudio.*

***A las doce horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.***

**Señor Jorquera Caselas**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*¿Es conocedor el Gobierno local de las condiciones en las que se está prestando el servicio por parte de la empresa contratada por Emvsa para la puesta en marcha del centro deportivo del Castrillón?*

**Señor Lage Tuñas**

*Señor Jorquera, buenos días. Somos conocedores y me consta que usted también es conocedor de cuál es la situación del centro deportivo del Castrillón. Creo que puedo darle abundante información. Creo que la más relevante de todas es que la incertidumbre que había sobre un complejo deportivo en el que el barrio que usted bien conoce llevaba n años esperando todo tipo de compromisos, promesas y tal, esto que no*



eh? Non lle gusta en xeral cando eu digo: esto foi posible co Goberno de Inés Rey. É que é así, é que nese barrio estiveron esperando. Prometéronllo moitos, pero o centro deportivo abreu baixo o mandato de Inés Rey.

E tamén se decía que había moitas dúbidas con respecto á instalación. Eu tamén teño a miña opinión como a ten vostede, señor Jorquera, e creo que se tuvéramos que empezar de cero e coincidíamos en que xa sería a leche, pois ó mellor o faríamos doutro xeito, pero a 30 de novembro hai 2.689 abonados que gozan da instalación. É dicir, todos aqueles nubarróns, incertidumes que había sobre o complexo deportivo, eu creo que nunha parte importante, falta outra, outra decisión que eu podo coincidir con vostede, pero hai algo que é incuestionable: hai case 2.700 abonados. Cando hai 2.700 abonados, primeiro, se confirma que era necesaria e que a demanda era real, pero tamén que se puxo en funcionamento e que hai 2.700 personas sendo usuarias dun centro, co cal, home, algo se estará facendo ben.

### **Señor Jorquera Caselas**

Grazas.

En primeiro lugar quero saudar as persoas presentes na Tribuna, entre elas a representación do colectivo de traballadores do centro, e permítame que repase os antecedentes que fundamentan a presentación...

### **Presidencia**

Un momento, señor Jorquera.

Por favor, non se pode increpar a ningún concelleiro ou concelleira desta corporación. Garde silencio na Tribuna

*les gusta que yo diga... No usted, ¿eh? No le gusta en general cuando yo digo: esto fue posible con el Gobierno de Inés Rey. Es que es así, es que en ese barrio estuvieron esperando. Se lo prometieron muchos, pero el centro deportivo abrió bajo el mandato de Inés Rey.*

*Y también se decía que había muchas dudas con respecto a la instalación. Yo también tengo mi opinión como la tiene usted, señor Jorquera, y creo que si tuviéramos que empezar de cero y coincidíamos en que ya sería la leche, pues a lo mejor lo haríamos de otro modo, pero a 30 de noviembre hay 2.689 abonados que disfrutan de la instalación. Es decir, todas aquellas nubes, incertidumbres que había sobre el complejo deportivo, yo creo que en una parte importante, falta otra, otra decisión que yo puedo coincidir con usted, pero hay algo que es incuestionable: hay casi 2.700 abonados. Cuando hay 2.700 abonados, primero, se confirma que era necesaria y que la demanda era real, pero también que se puso en funcionamiento y que hay 2.700 personas siendo usuarias de un centro, con lo cual, hombre, algo se estará haciendo bien.*

### **Señor Jorquera Caselas**

Gracias.

*En primer lugar quiero saludar a las personas presentes en la Tribuna, entre ellas a la representación del colectivo de trabajadores del centro, y permítame que repase los antecedentes que fundamentan la presentación...*

### **Presidencia**

*Un momento, señor Jorquera.*

*Por favor, no se puede increpar a ningún concejal o concejala de esta corporación. Guarde silencio en la Tribuna de*



de Convidados.

Continúe, señor Jorquera.

**Señor Jorquera Caselas**

Si, dicía que permítame que repase os antecedentes que fundamentan a presentación desta pregunta.

No anterior mandato vostedes descartaron que o centro deportivo do Castrillón se xestionase de xeito directo optando por concesionar a súa xestión de xeito conxunto co de San Diego. En tanto non estivesen listos os pregos para a nova licitación encomendáronlle a Emvsa a xestión provisional do centro do Castrillón sen que dispuxese de todos os recursos e medios necesarios para asumir esta nova encomenda. A encomenda a Emvsa para poñer en marcha o complexo tiña unha duración temporal de tres meses, prorrogábeis por outros dous, período que xa se superou.

De resultas desta situación os servizos que tivo que subcontratar Emvsa estanse prestando en precario porque o contrato xa está caducado e as irregularidades e incumprimentos na prestación do servizo son sistemáticos. O cadro de persoal é totalmente insuficiente para atender os labores asignados. Froito diso o persoal contratado vese obrigado a realizaren de xeito simultáneo diversas tarefas, conxugando o labor de monitor co de socorrista ou labores de mantemento, por poñer un exemplo.

Consecuencias: en moitas ocasións os cursos de natación impártense por persoas que carecen da titulación precisa. Hai franxas horarias onde a sala *fitness* non conta co persoal técnico ou este atópase realizando outras funcións. En ocasións o persoal ten que desprazarse á sala de máquinas para realizaren labores

*Convidados.*

*Continúe, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

*Sí, decía que permítame que repase los antecedentes que fundamentan la presentación de esta pregunta.*

*En el anterior mandato ustedes descartaron que el centro deportivo del Castrillón se gestionara de manera directa optando por concesionar su gestión de forma conjunta con el de San Diego. En tanto no estuvieran listos los pliegos para la nueva licitación le encomendaron a Emvsa la gestión provisional del centro del Castrillón sin que dispusiera de todos los recursos y medios necesarios para asumir esta nueva encomienda. La encomienda a Emvsa para poner en marcha el complejo tenía una duración temporal de tres meses, prorrogables por otros dos, período que ya se superó.*

*De resultas de esta situación los servicios que tuvo que subcontratar Emvsa se están prestando en precario porque el contrato ya está caducado y las irregularidades e incumplimientos en la prestación del servicio son sistemáticos. La plantilla es totalmente insuficiente para atender las labores asignadas. Fruto de eso el personal contratado se ve obligado a realizar de manera simultánea diversas tareas, conjugando la labor de monitor con la de socorrista o labores de mantenimiento, por poner un ejemplo.*

*Consecuencias: en muchas ocasiones los cursos de natación se imparten por personas que carecen de la titulación necesaria. Hay franjas horarias donde la sala *fitness* no cuenta con el personal técnico o este se encuentra realizando otras funciones. En ocasiones el personal tiene que desplazarse a la sala de*



de mantemento sen poderen atender nese tempo as funcións que tiñan asignadas, ficando as persoas usuarias das instalacións sen a súa atención. Incluso o persoal que se ten que encargar de manipular produtos químicos para asegurar o correcto mantemento da auga da piscina, por exemplo controlando os niveis de cloro, carecen da cualificación necesaria, co conseguinte risco para elas e tamén para as persoas usuarias.

E podería seguir enumerando outras múltiples irregularidades. A última, que a persoa que exerce de director tomou a decisión, en contra do que é práctica habitual no resto das instalacións deportivas municipais, de empecer o uso da pista polideportiva por parte das persoas abonadas nas horas nas que a pista está libre, cando resulta que hai persoas que precisamente se abonaron para poder facer uso desa pista. Agora, aparte do abono, teñen que pagar as taxas polo aluguer da pista que oscilan entre os 48 e 60 euros.

A maioría das irregularidades incumpren de xeito flagrante o establecido nos pregos, moitas delas incumprimentos graves ou moi graves. Velaí a pregunta de se o Goberno é coñecedor desta situación porque nos consta que si. A representación sindical rexistrou un escrito dirixido á alcaldesa no que se dá conta detallada desta situación.

Pero as irregularidades non acaban aí. A raíz de un comunicado enviado por un sindicato denunciando esta situación, a empresa obrigou as persoas traballadoras a asinar un escrito conforme non estaban afiliadas a ningún sindicato, vulnerando de xeito manifesto dereitos fundamentais. Quero lembrar que o artigo 28 da

*máquinas para realizar labores de mantenimiento sin poder atender en ese tiempo las funciones que tenían asignadas, quedando las personas usuarias de las instalaciones sin su atención. Incluso el personal que se tiene que encargar de manipular productos químicos para asegurar el correcto mantenimiento del agua de la piscina, por ejemplo controlando los niveles de cloro, carecen de la cualificación necesaria, con el consiguiente riesgo para ellas y también para las personas usuarias.*

*Y podría seguir enumerando otras múltiples irregularidades. La última, que la persona que ejerce de director tomó la decisión, en contra de lo que es práctica habitual en el resto de las instalaciones deportivas municipales, de empecer el uso de la pista polideportiva por parte de las personas abonadas en las horas en las que la pista está libre, cuando resulta que hay personas que precisamente se abonaron para poder hacer uso de esa pista. Ahora, aparte del abono, tienen que pagar las tasas por el alquiler de la pista que oscilan entre los 48 y 60 euros.*

*La mayoría de las irregularidades incumplen de manera flagrante lo establecido en los pliegos, muchas de ellas incumplimientos graves o muy graves. He ahí la pregunta de si el Gobierno es conocedor de esta situación porque nos consta que sí. La representación sindical registró un escrito dirigido a la alcaldesa en el que se da cuenta detallada de esta situación.*

*Pero las irregularidades no acaban ahí. A raíz de un comunicado enviado por un sindicato denunciando esta situación, la empresa obligó a las personas trabajadoras a firmar un escrito conforme no estaban afiliadas a ningún sindicato, vulnerando de manera manifiesta derechos fundamentales. Quiero recordar que el*



Constitución reconece o dereito á libre sindicación e o artigo 16 di que ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixións ou crenzas. Pero ademais, despois de que a representación sindical denunciase estes feitos, sucedeuse unha cadea de despidos como represalia pola denuncia pública desta situación.

O Goberno municipal ten a obriga de facer un labor de tutela efectivo sobre as condicións nas que se prestan os servizos municipais, garantindo o cumprimento por parte das empresas das súas obrigas e tamén que se respecten os dereitos dos traballadores e traballadoras, evitando neste caso ademais a vulneración de dereitos fundamentais.

Por iso conclúo xa preguntándolle: que medidas vai adoptar o Goberno local ante esta situación? E por último, cando se vai resolver de xeito definitivo a situación dos centros deportivos de San Diego e O Castrillón para evitaren que o servizo se sega prestando en precario?

Moitas grazas.

**Ás doce horas e cincuenta minutos sae do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**Señor Lage Tuñas**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Permítame que non entre nas cuestións que teñen que ver cos temas de carácter sindical porque creo que non... A información da que dispón o Goberno municipal é bastante diferente que a que vostede expuxo. En calquera caso, creo que hai formas de poder cotexar a información, tanto que se recibe por parte de Emvsa como a información que se lle

